




FERVENZA DE ZAMÁNS

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: desde Zamáns ata a ferverza: 1.700 m
a pé: 500 m

Dificultade: baixa

Duración: 30 minutos



No rego de Zamáns ou Amiudal que baixa da serra do Galiñeiro. A ferverza ten pouca auga (agás en día de moita chuvia) pero esbara por unha enorme escorregadoira de laxes graníticas en varios tramos.
COMO CHEGAR: na estrada Vigo-O Porriño chégase a Zamáns e, no mesmo centro do lugar, a carón dun semáforo, cóllese o cruce á dereita ata o lugar da Igrexa e séguese ata o seu remate, onde se colle á esquerda. Séguese durante uns 400 m e tómase unha pista de terra á dereita ata chegar ao regato (uns 300 m). Para ver as ferverzas sóbese un pequeno tramo por un carreiro do monte.

